


## ABAU: Ejercicio teórico:

### “Situación actual da industria en España”.

- Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía).
- Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.



<http://files.noespazoenotempo2017.webnode.es/200000238-705d571569/te%C3%B3rica%20tema%208%20ind%20n.pdf>



España é un país integrado no conxunto dos países industriais do mundo. Pero o **desenvolvemento en España da actividade industrial non acadou un nivel notable ata a segunda metade do século XX**. A crise industrial de 1974, que evidenciou a necesidade de cambiar os sistemas de produción, coincidiu coa revolución tecnolóxico-informática. Desenvolveuse así unha nova etapa denominada postindustrial ou tamén terceira revolución industrial que deu lugar a **novos modelos de empresas cunha importancia crecente das novas tecnoloxías, a innovación e a investigación**. O ingreso de España na Unión Europea supuxo a fin de todo proteccionismo e a apertura do mercado á competencia exterior, o que provocou unha reconversión industrial e o peche de moitas industrias non competitivas.



*A integración española na Comunidade Europea en 1986 supuxo novos retos e vantaxes:*

- *Os **novos retos** foron a integración nun mercado moi competitivo, e a adopción da normativa industrial comunitaria: regulacións técnicas e sanitarias dos produtos; supresión de monopolios empresariais; eliminación das axudas estatais ás empresas, dado que alteran a libre competencia...*
- *As **vantaxes** da integración foron un aumento do mercado para os produtos españois, a desaparición dos aranceis comerciais, a participación no reparto dos Fondos Estruturais, unha maior accesibilidade ás innovacións e a entrada de capital estranxeiro...*



## ● Os problemas estruturais da industria española

A industria española presenta diversos **problemas estruturais** que afectan negativamente á súa competitividade fronte á economía europea e á global:

- Existe un escaso número de grandes empresas, xa que dominan as pequenas (menos de 50 traballadores) e medianas empresas (51-250); estas teñen a vantaxe de adaptarse mellor ás demandas do mercado e presentar menos conflitos laborais. Pero os seus produtos son máis caros e menos competitivos, polo que non permite facer economías de escala, nin grandes investimentos en novas tecnoloxías. O Instituto da Mediana e Pequena Empresa Industrial fomenta a innovación das PEMEs e a colaboración tecnolóxica entre elas.



### *H2020: Oportunidades de Financiamento: Instrumento Pemes.*

*A Axencia Galega de Innovación (GAIN), en colaboración co Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), organiza unha serie de xornadas informativas sobre o programa Horizon 2020. O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer diferentes convocatorias deste programa que financia proxectos de investigación e innovación en diversas áreas temáticas no contexto europeo, contando con case 80.000 millóns de euros para o período 2014-2020.*

- A produtividade industrial é inferior á da Unión Europea, feito que incrementa o custo laboral. Un dos recursos para mellorar a produtividade é a aplicación das innovacións derivadas das TIC, pero o gasto español neste sentido está moi por debaixo do gasto da UE.

- O nivel de intensidade tecnolóxica é baixo e a porcentaxe de investimento en I+D (Investigación e Desenvolvemento) é insuficiente (só o 1,4% de industrias manufactureiras españolas presentan un nivel alto de intensidade tecnolóxica e unicamente 22 empresas españolas figuran na listaxe das mil empresas comunitarias que máis invisten en innovación).

Isto provoca unha **balanza tecnolóxica deficitaria**: as principais empresas de automóbiles, maquinaria eléctrica, aparellos electrodomésticos e produtos farmacéuticos fabrican con patentes estranxeiras, que son unha boa fonte de ingresos para os países que as crean, pero un enorme gasto para países como España que deben pagar para a súa aplicación.

**É fundamental, polo tanto, dedicarlle unha porcentaxe máis elevada do PIB a I+D e fomentar a mellora do sistema educativo e a formación técnica laboral.**




*O investimento en I+D español é menor que o dos países europeos máis avanzados. Ademais aparece moi concentrada desde o punto de vista sectorial (nas ramas máis dinámicas: química, farmacéutica, material de transporte, maquinaria e aeroespacial), empresarial (nas grandes empresas) e territorial (en Madrid e Cataluña).*

## ● Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.

A industria española despois da súa entrada na Unión Europea viviu un **proceso de modernización produtiva**, aínda que tivo que superar un período de crise a partir do ano 1990 que se agudizou no ano 1993. A mediados dos noventa a industria española, xa recuperada, convertérase no sector de actividade máis produtivo grazas á moderación salarial e á flexibilidade na contratación laboral. A economía crecía por riba da media europea e aumentaba o investimento español nos países da Unión Europea mentres que en Portugal, o norte de África e Latinoamérica se instalaban empresas españolas.

A industria tivo un bo ritmo de crecemento de vendas, produción e demanda aínda que foi perdendo importancia dentro do conxunto de actividades económicas a causa da **terciarización** xeral do emprego.


No entanto, **en 2007 xorde a crise financeira** en Estados Unidos e aféctalle a economía mundial. Na Unión Europea iniciouse unha tendencia xeral á baixa, que en España se reflicte cunha recesión da carteira de pedidos, un aumento dos stocks e unha desaceleración do emprego.





A incorporación de novos países á UE na primeira década do século XXI afectou a **industria española** por diversas causas: estes países gozan dunha maior proximidade ao grande eixe industrial europeo que constitúen os países nórdicos, Alemaña e o Norte de Italia; ademais, a súa estrutura productiva é similar á española, a man de obra, máis barata, e a súa produtividade e cualificación en alta tecnoloxía, maior. Así mesmo o investimento do capital estranxeiro permitiulles a implantación de empresas de alta tecnoloxía co que aumentou o seu potencial industrial dentro da UE.

Un dos sectores da industria española máis afectados é o dos automóviles, no que España mantivo un bo ritmo de exportacións; o sector está dominado por empresas de capital estranxeiro que poden deslocalizar as industrias na procura de menores custos, o que tería consecuencias negativas para as industrias de compoñentes. **España debería orientar o seu tecido industrial a unha maior calidade e produtividade** para lle facer fronte á competencia dos novos países da UE que tenden a desprazar a España do seu segmento do mercado exportador.



*Índice Sintético de Innovación dos Estados membros da Unión Europea, 2014*

■ Innovador modesto    
 ■ Innovador moderado    
 ■ Seguidor en innovación    
 ■ Lider en innovación



O actual tecido industrial español estase a incorporar á globalización económica, de maneira que as nosas zonas industriais se configuran como puntos dunha rede de produción a nivel mundial.

Esta rede caracterízase pola concentración de capital e de decisión en poucas empresas multinacionais moi poderosas, co que o papel da economía estatal se reduce. Numerosas decisións tómanse fóra de España xa que aquí hai poucas sedes centrais de grandes empresas. Isto explica que, malia ser unha potencia industrial, o noso país non teña un papel relevante na economía mundial.



**Large developing economies are moving up in global manufacturing**  
 Top 15 manufacturers by share of global nominal manufacturing gross value added

| Rank | 1980           | 1990                     | 2000           | 2010                   |
|------|----------------|--------------------------|----------------|------------------------|
| 1    | United States  | United States            | United States  | United States          |
| 2    | Germany        | Japan                    | Japan          | China                  |
| 3    | Japan          | Germany                  | Germany        | Japan                  |
| 4    | United Kingdom | Italy                    | China          | Germany                |
| 5    | France         | United Kingdom           | United Kingdom | Italy                  |
| 6    | Italy          | France                   | Italy          | Brazil                 |
| 7    | China          | China                    | France         | South Korea            |
| 8    | Brazil         | Brazil                   | South Korea    | France                 |
| 9    | Spain          | Spain                    | Canada         | United Kingdom         |
| 10   | Canada         | Canada                   | Mexico         | India                  |
| 11   | Mexico         | South Korea <sup>1</sup> | Spain          | Russia <sup>2</sup>    |
| 12   | Australia      | Mexico                   | Brazil         | Mexico                 |
| 13   | Netherlands    | Turkey                   | Taiwan         | Indonesia <sup>2</sup> |
| 14   | Argentina      | India                    | India          | Spain                  |
| 15   | India          | Taiwan                   | Turkey         | Canada                 |

1 South Korea ranked 25 in 1980.  
 2 In 2000, Indonesia ranked 20 and Russia ranked 21.  
 NOTE: Based on IHS Global Insight database sample of 75 economies, of which 28 are developed and 47 are developing. Manufacturing here is calculated top down from the IHS Global Insight aggregate; there might be discrepancy with bottom-up calculations elsewhere.  
 SOURCE: IHS Global Insight; McKinsey Global Institute analysis



Nunha economía globalizada as empresas buscan a competitividade para aumentar a súa cuota de mercado; de aquí derívanse as **causas da deslocalización**: a busca de menores custos laborais (man de obra abundante e barata) e das mellores condicións fiscais e técnicas. Por esta razón transládanse ao Leste de Europa, Sueste asiático, China...



Por outro lado, a **localización dos establecementos industriais flexibilizouse de maneira que a empresa pode deslocalizar parte do proceso produtivo**. Este é o caso dalgunhas fábricas téxtiles españolas que desprazaron ao Norte de África os procesos que esixen unha considerable man de obra, mentres que o deseño dos tecidos, proceso de maior valor engadido, se fai en España. As **consecuencias da deslocalización** son o aumento da taxa de paro e a perda de emprego do sector secundario que cada vez tende máis a terciarizarse.

A **política industrial**, por parte dos gobernos, pasa por **ofrecer axudas ás empresas** para lograr a súa modernización e incrementar a súa competitividade, para frear así o proceso de deslocalización e o aumento do paro.



### *Taller téxtil en China*

*Os sectores industriais máis afectados pola deslocalización son os sectores maduros, pouco esixentes en tecnoloxía e moi consumidores de recursos e man de obra, que deben competir ofrecendo prezos baixos.*